Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

AUTOLIQUIDACIÓN DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS OU ATRACCIÓN EN TERREOS DE USO PÚBLICO

A presente autoliquidación ten carácter provisional, a resultas da liquidación definitiva que no seu caso se practicará pola Administración Municipal

Interesado

Nome e apelidos ou razón social:					NIF	
Enderezo a efectos de notificacións:						
Rúa, avenida, praza ou lugar			Número	Escaleira	Andar	Porta
Código postal	Municipio	Provincia	Correo electrónico		Teléfono	

Representante

Nome e apelidos:					NIF/NIE/Pasaporte:	
Enderezo a efectos de notificacións:						
Rúa, avenida, praza ou lugar			Número	Escaleira	Andar	Porta
Código postal	Municipio	Provincia	Correo electrónico		Teléfono	

Datos do aproveitamento

Dirección do posto:

Fila: Uso do Posto:	Número	Conformidade:

BASE DE CÁLCULO: Nº DIAS (DOMINGOS QUE RESTAN ATA 31/12 DO ANO EN CURSO.)

Nº METROS	**Nº DIAS**	TAXA (€) M^2 / DIA	**TOTAL**
		0,68	
		CANTIDADE A INGRESAR	

En ....., .../...../20.....
A/O solicitante

No pago debe incluír obrigatoriamente: Persoa Interesada e nº posto e período, na conta **ES13 2080 5493 1631 1010 0019 (ABANCA)**

INSTRUCCIÓNS XERAIS**: Padrón - Ordenanza reguladora da taxa pola instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atracción en terreos de uso público. Publicación definitiva : 24-12-2001 BOP Nº 293 Redacción Aplicable desde 23-01-2008**

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE Constitúe o feito impoñible a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación do mesmo por postos e casetas de venta, barracas, así como espectáculos e atraccións.

Artigo 3.- SUXEITOS PASIVOS Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as Entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria a favor das que se outorguen as licencias e os que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular sen a autorización correspondente.

Artigo 4.- BASE IMPOÑIBLE A base impoñible está constituída pola superficie de dominio público local, en metros cadrados, ocupada polos postos, barracas, casetas de venta ou ben polos espectáculos ou atraccións.

Artigo 5.- COTA TRIBUTARIA A cota tributaria virá determinada pola aplicación das seguintes tarifas:
1.- Circos, teatros e demais de natureza análoga,
Pagarán polo primeiro día..... 101,96 euros
2.- Os mesmos, polo segundo día e sucesivos...50,99 euros
3.- Tómbolas e demais de natureza análoga,
Pagarán por metro cadrado, fracción e día.... 0,68 euros
4.- Outros postos en xeral..... 0,68 euros
5.- Pola expedición do título de vendedor ambulante ou a súa renovación anual, sexa fixo ou provisional .....32,93 euros

Artigo 6.- NORMAS DE XESION O pago das débedas tributarias correspondentes á taxa por venta ambulante e polos postos e casetas de venta realizaranse mediante a expedición dos correspondentes recibos.
No caso de feitos impoñibles constituídos pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público, pola ocupación do mesmo por espectáculos, atraccións ou similares, as persoas interesadas presentarán previamente a solicitude nas dependencias municipais, especificando a actividade a desenrolar, así como o número de días e o lugar onde se pretende exercer. Unha vez concedida a autorización, os suxeitos pasivos está obrigados a practicar a autoliquidación e ingresa-la cantidade correspondente.

Artigo 7.- PERIODO IMPOSITIVO O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, en tal caso abarcará dende a data da concesión e a autorización municipal ata o fin do ano natural.
A taxa devengarase o un de xaneiro de cada ano nos supostos de autorizacións anuais e as cotas serán irreductibles, salvo que a data de inicio non coincida coa do devengo en tal caso as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que resten para finaliza-lo ano, incluído o de inicio da utilización ou aproveitamento.
No caso de cese prorratearase polo número de trimestres transcorridos, incluíndo no prorrateo aquel no que se produce o cese.
No caso de ocupacións temporais, o período impositivo comezará o día da autorización Municipal e estenderase durante o tempo previsto na mesma.

Artigo 8.- Para instala-los postos, barracas, casetas de venta, etc., será necesario que os interesados obteñan a oportuna autorización, que será concedida ou denegada polo Concelleiro-Delegado de Mercados ou pola Alcaldía, segundo a importancia do caso.

Artigo 9.- A Policía Municipal ou vixiantes habilitados para elo polo Concelleiro Delegado de Mercados, coidará de non consentir que ocupen a vía pública ou terreos do común con estas clases de instalacións nin que exerzan nela industria algunha, quen non acredite estar debidamente autorizados para elo e non satisfixeran os dereitos que se sinalan nesta Ordenanza.

Artigo 10.- Os postos, barracas e demais que se concedan, non poderán ser destinados a usos distintos de aqueles para os que foron concedidos, prohibíndose por conseguinte, telos pechados, destinados a almacén ou cambiar a actividade, sen autorización do Concello.

Artigo 11.- Os postos instalados para as Festas de Pascua no Campo da Feira, Campo do Souto e Paseo do Espolón non tributarán pola presente Ordenanza e a súa adxudicación será realizada pola Comisión de Goberno.

Artigo 12.- O horario de ventas será de 9 a 14 horas. Os titulares dos postos deberán proceder a súa recollida no horario de 14:30 a 16:00 horas. A instalación dos postos e descarga de mercancías realizarase desde as 6 ás 8:30 horas. Nos meses de setembro a maio poderá retrasarse este horario en media hora mais.

Artigo 13.- INSPECCION E SANCION As infraccións relativas a dereitos do consumidor ou á producción agroalimentaria, serán sancionadas polas Autoridades competentes de acordo co establecido no Real Decreto 1010/85, do 5 de Xuño, a Lei 10/1988, do 20 de Xullo (D.O.G. 26-08-1988) e demais normativa de aplicación.

PAGAMENTO DA LIQUIDACIÓN: Debendo incluír, persoa a que autoliquida e nº expediente, na conta ES13 2080 5493 1631 1010 0019 (ABANCA) ou calquera outra conta que o Concello ten abertas en tódalas entidades bancarias do Municipio de Padrón, no seguinte prazo, segundo o disposto no artigo 62.2 da Lei 58/2003 de 17 de Decembro, Xeral Tributaria:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PADRÓN.

De acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos serán incluídos nun ficheiro do que é titular o Concello de Padrón e poderán ser utilizados para prestarlle o servizo solicitado a través desta instancia. Informámoslle ademais que poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo do Concello Padrón en rúa Longa, 27, 15900 Padrón, A Coruña.